



CURSOS MONOGRÁFICOS. ESCOLA DE VERÁN DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO, EMAO (2022-2023)

Do 4 ao 21 de xullo de 2023

Expte. 1480/613

Dentro da programación prevista no Plan de Estudos da Escola Municipal de Artes e Oficios (PEMAO15), faise a seguinte Convocatoria de Cursos Monográficos – Escola de Verán EMAO, a realizar entre os días 4 e 21 de xullo de 2023, dirixidos ás persoas interesadas que cumpran os requisitos indicados en cada un dos cursos.

CURSOS QUE SE CONVOCAN:

“GRAVADO EN RELEVO, RETRATOS E OUTRAS COUSAS”

Impartido por Federico Fernández e Rosa García, mestres das especialidades de **DEBUXO ARTÍSTICO e TALLA E ESCULTURA EN MADEIRA**, da EMAO

Destinatarios/as: alumnado xeral, de idades comprendidas entre os 12 e os 16 anos

Datas: do 11 ao 21 de xullo, de 10:00 a 14:00 horas

Duración: 36 horas

Obxectivo: realización dunha tiraxe de gravados realizados na técnica do gravado en relevo, a partir da preparación previa de debuxos de autorretrato, co fin de facer unha instalación no espazo da contorna da Casa da Xuventude (onde se realizará o curso), co resultado deses gravados.

Programa:

O rostro humano; o canon

Autoretrato na historia. Breve introdución

A importancia do bosquejo no debuxo

Elementos do rostro

O rostro a través dun espello

O gravado en relevo. Breve introdución

Entintado e estampación nunha tinta

Importancia do continente e do contido

Elaboración dunha tirada

O espazo urbano como contedor da obra

Material a aportar polo alumnado: linóleo, papeis de gravado, libreta de apuntes/debuxo, lapis, regra de corte metálica, cutter, papeis de recubrimento, edición do texto (custo estimado material a mercar polo alumnado: 25 €)

Alumnado máximo: 12

“PiMPRESIÓN”

Impartido por Alba Pardo e Sandra de Jesús, mestres das especialidades de **SERIGRAFÍA ARTÍSTICA e OURIVARÍA**, da EMAO

Destinatarios/as: calquera persoa, sen necesidade de que teña coñecementos previos de ningunha das materias.

Datas: do 4 ao 14 de xullo, de 10:00 a 14:00 horas

Duración: 36 horas

Obxectivo: este monográfico de Pin-impresión baséase no gravado calcográfico; consta da realización de tres minipranchas de latón gravadas coa técnica da augaforte coas que se realizarán as impresións en papel e que posteriormente converteremos en broches de pin.

Programa:

Obxectivos:

Deseñar un conxunto harmonioso de imaxes dispostas en tres pranchas de latón para a súa posterior impresión e transformación en pin

Aprender a aplicar as técnicas básicas da Ourivaría para o traballo en metal

Aprender e aplicar as técnicas básicas do gravado calcográfico para o traballo de estampación

Rematar o curso coa realización dunha impresión en papel empregando as pranchas de metal gravadas en, cando menos, un broche de pin rematado

Contidos:

Desenvolvemento do deseño para os distintos elementos que forman as pezas finais

Adecuación do deseño á temática e precedementos propostos para lograr a funcionalidade e resultado que se pretende

Aplicación das técnicas de gravado e ourivaría para a preparación das matrices (corte do metal, esmerilado, augaforte ...)

Preceso de estampación das pranchas en papel (preparación do papel e da tinta, entintado da prancha, presión do tórculo, numeración e edición de estampas ...)

Montaxe final do broche coas pranchas

Material a aportar polo alumnado:

Os materiais que empregará o alumnado terá un custo por persoa de 20 ou 25 euros; algúns deles mercaranse en conxunto. O primeiro día do curso indicárase o que precisan.

Alumnado máximo: 12

“PATRÓNS”

Impartido por Emma Pintos e Darío A. Basso mestres das especialidades de **MODA E CONFECCIÓN** e **PINTURA**, da EMAO

Destinatarios/as: calquera persoa, sen necesidade de que teña coñecementos previos de ningunha das materias.

Datas: do 4 ao 14 de xullo, de 09:00 a 13:00 horas

Duración: 36 horas

Obxectivos: neste curso trátase de que o alumnado con inquiredanzas artísticas e artesáns poida experimentar coa pintura e levar a súa proposta nunha peza de roupa feita por eles mesmos.

Programa:

Obxectivos:

Plasmar un patrón pictórico en tea, para traballar despois con patróns sinxelos nunha peza de roupa.

Contidos:

Clases teóricas sobre os patróns pictóricos ao longo do século XX e a súa influencia e fusión coa moda

Creación en papel dos patróns que se reproducirán posteriormente en tea, que servirá como material téxtil da realización do produto final

Clases básica de patronaxe para a capacitación do alumnado no corte das pezas de roupa onde integrar o seu estampado.

Posteriormente, confección da peza; ao remate do curso o alumnado poderá levarse unha peza de roupa feita e estampada por eles mesmos.

Material a aportar polo alumnado:

Block de debuxo A3; lapis HB; alfinetes; agullas; tesoiras; dedal; cinta métrica; tea (as características daranse o primeiro día de clase).

Alumnado máximo: 10

“OBRADOIRO DE CONTRUCCIÓN DE PERCUSIÓNS MIÚDAS”

Impartido por Xaime Rivas, mestre de **CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS - CAIM- Zanfona**, da EMAO

Destinatarios/as: calquera persoa, sen necesidade de que teña coñecementos previos da materia, que queira iniciarse na artesanía musical.

Datas: do 6 ao 21 de xullo, de 10 a 13 horas

Duración: 36 horas

Obxectivo: construción de instrumentos musicais de percusión con material semielaborado (Tarrañolas, Culleres, Pitos de bailador, Acordeón de táboas, Carraca ...)

Programa:

Obxectivos:

Fabricar artesanalmente sinxelos instrumentos de percusión mediante as técnicas propias e básicas da artesanía e a carpintería.

Coñecemento básico das técnicas de interpretación de cada un dos instrumentos

Contidos:

Construción dun par de Tarrañolas:

Preparación do material

Recorte e deseño segundo plantilla con segueta de marquetería

Axuste do perfil con ferramenta manual

Acabados e decoración segundo proposta do alumno/a

Construción dun par de Culleres:

Preparación do material

Recorte segundo plantilla en serra de cinta

Tallado do cazo

Acabado e decoración segundo proposta do alumno/a

Construción de dous pares de Pitos de bailador:

Preparación do material

Torneado do deseño

Acabado

Construción dun Acordeón de táboas:

Recorte das táboas segundo deseño

Perfiado e redondeado de arestas

Montaxe e acabado

Construción dunha Carraca:

Recorte e perfiado dos laterais que conformarán o bastidor

Torneado do tambor e do mango

Montaxe do bastidor

Acabado e decorado segundo proposta do alumno/a

Colocación de lengüeta

Material a aportar polo alumnado:

Madeiras varias para cada un dos obxectos propostos; arandelas pequenas; corda; coiro; parafusos; verniz

Alumnado máximo: 8

“CONSTRUCCIÓN E MANIPULACIÓN DA PALLETA E O PALLÓN DE CANA”

Impartido por Carlos Corral, mestre de **CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS - CAIM- Gaita**, da EMAO

Destinatarios/as: gaiteiros/as e persoas afeccionadas á gaita, que non fixeran o curso ordinario.

Datas: do 4 ao 14 de xullo, de 10 a 14 horas

Duración: 36 horas

Obxectivo: chegar ao alumnado á construción da palleta e o pallón da gaita e ás nocións básicas para a súa manipulación, que todo gaiteiro debería coñecer para conseguir sacar o máximo partido ao seu instrumento

Programa:

Obxectivos:

Coñecer o proceso construtivo para poder adaptar o instrumento ao noso xeito de tocar persoal, e mesmo construír as nosas propias palletas

Contidos:

Útiles e ferramentas

Elección e preparación da cana

Medidas e estrutura segundo a tonalidade

O tudel, atado, desbaste e afinación

Material a aportar polo alumnado:

Navalla e calibre (pe de rei); 6 pregos de lixa de auga de gran 280 e 3 pregos de lixa de auga de gran 400; unha barra de lacre

Alumnado máximo: 8

“PEL E COIRO: NECESÉTOTE”

Impartido por Pepe Pereira, mestre de **ARTESANÍA EN COIRO**, da EMAO

Destinatarios/las: alumnado sen coñecementos previos de artesanía en coiro

Datas: do 4 ao 14 de xullo, de 10:00 a 14:00 horas

Duración: 36 horas

Obxectivo: aproximación á marroquinería mediante a construción de dúas pezas, un neceser e un bolso tipo Tote; aprendizaxe sinxelo de técnicas de costura e montaxe.

Programa:

Obxectivos:

Coñecer o coiro e a pel no proceso do curtido

Realizar a partir de patróns dados pezas de marroquinería

Aplicar para construción técnicas de costura con fío e tireta

Contidos:

Pel e coiro

Proceso do curtido

Aproximación ao patronaxe

Introdución ás técnicas decorativas

Costuras estruturais con fío

Material a aportar polo alumnado:

Serraxe e coiro, fornitureira (piquetes e broches) e cremalleira (25-50 € por alumno/a). Posibilidade de compra grupal para abaratar e axilizar o curso

Alumnado máximo: 12

CONDICIÓNS COMÚNS A TÓDOLOS CURSOS

Duración dos cursos: 36 horas

Datas: entre o 4 e o 21 de xullo de 2023. Horario de mañá (consúltense datas e horarios específicos)

Lugar: Aulas e talleres da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (EMAO), agás o curso “*Gravado en relevo, retratos e outras cousas*”, que se desenvolverá na Casa da Xuventude do Concello de Vigo (r/ López Mora 31)

Prazas limitadas: ver número máximo de alumnos/as na convocatoria específica



Inscrición: Gratuíta. Mediante envío de correo electrónico, no prazo indicado a continuación, a emao@vigo.org, cos seguintes datos (imprescindibles):

- Asunto: [nome do curso]
- Nome e apelidos do/a solicitante:
- DNI:
- Enderezo de correo electrónico no que desexan recibir a confirmación de admisión, se é o caso.

Admisión de solicitudes:

- Non poderán inscribirse as persoas matriculadas na EMAO no curso 2022-2023
- Só se admiten persoas maiores de 16 anos (agás curso “*Gravado en relevo, retratos e outras cousas*”, destinado a alumnado de entre 12 e 16 anos)
- Só serán válidas as solicitudes que cumpran estrictamente as condicións indicadas nesta convocatoria para cada curso en concreto.
- A inscrición farase por estrita **orde de recepción do correo electrónico** de solicitude, ata cubrir o máximo de prazas ofertadas.
- **O prazo** para solicitar a inscrición será desde as **00:00h do 19 de xuño**, ata as **24,00h do 22 de xuño** de 2023. Non serán válidas as solicitudes presentadas con anterioridade e posterioridade a estas datas.
- A confirmación da matrícula realizaraa a EMAO exclusivamente por correo electrónico. No caso de producírense vacantes no primeiro día do curso, convocarase á lista de reserva.

**Cadro resumo. Cursos Monográficos
Escola de verán EMAO 2023**

Nome do curso	Especialidade/s	Profesorado	Datas	Horario	Nº máximo alumnado	Idades	Onde
GRAVADO EN RELEVO, RETRATOS E OUTRAS COUSAS	Debuxo artístico Talla e escultura en madeira	Federico Fernández Rosa García	11 - 21 de xullo	10,00h - 14,00h	12	12 - 16 anos	Casa da Xuventude
PIMPRESIÓN	Serigrafía artística Ourivaría	Alba Pardo Sandra de Jesús	04 - 14 de xullo	10,00h - 14,00h	12	> 16 anos	EMAO
PATRONS	Moda e confección Pintura	Emma Pintos Darío A. Basso	04 - 14 de xullo	09,00h - 13,00h	10	> 16 anos	EMAO
OBRADOIRO DE CONTRUCIÓN DE PERCUSIÓNS MIÚDAS	CAIM Zanfona	Xaime Rivas	06 - 21 de xullo	10,00h - 13,00h	8	> 16 anos	EMAO
CONSTRUCCIÓN E MANIPULACIÓN DA PALLETA E O PALLÓN DE CANA	CAIM Gaita	Carlos Corral	04 - 14 de xullo	10,00h - 14,00h	8	> 16 anos	EMAO
PEL E COIRO: NECESÉTOTE	Artesanía en coiro	Pepe Pereira	04 - 14 de xullo	10,00h - 14,00h	12	> 16 anos	EMAO